



SOLICITUDE DE PERMISO PARA REALIZAR FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO

D./Dª con
DNI/NIE.....,e enderezo a efectos de notificación en.....
.....,tlf.de
contacto.....

EXPOÑO que: desexo realizar unha fogueira tradicional o día **21, 23** (San Xoán) e/ou o día **28** (San Pedro), con motivo da chegada do solsticio de verán, no lugar de

.....
Para iso manifesto coñecer e comprométome a adoptar as medidas indicadas no Anexo I.
SOLICITO a pertinente autorización municipal.

Cedeira,.....de xuño de 2025
O/A solicitante

(Documentación que se achega: DNI orixinal da persoa solicitante)
Rodear os días seleccionados para realizar a fogueira

Vista a anterior solicitude infórmase a mesma de xeito.....

A Policía Local,.....de xuño de 2025.

Considerando o anterior, esta Alcaldía resolve..... a/asfogueira/s
solicitadas en conformidade ás condicións xerais que se reflicten no Anexo I.

O alcalde,de xuño de 2025.



Anexo I

- O prazo para presentar as solicitudes de autorización de fogueiras na noite de San Xoán e/ou San Pedro será desde o día 3 de xuño ata o 17 de xuño de 2025 ás 14:00 h. As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral ou a través da sede electrónica do concello.
- A partir das 11:00h do 19 de xuño de 2024, a/o solicitante, ou persoa debidamente autorizada, deberá recoller a pertinente autorización no rexistro xeral do concello. No caso de solicitudes presentadas a través da sede electrónica, a autorización remitiráselle de forma telemática.
- O combustible empregado para queimar será de tipo vexetal. Queda prohibido queimar rodas, plásticos ou calquera outro material inflamable.
- A fogueira deberá realizarse nun lugar despexado, no que nin as laparadas nin as faíscas poidan acadar as árbores; debendo gardarse un perímetro libre de combustibles (árbores, matorrais, vexetación, edificios, etc.) mínimo de 10 m, medido dende o bordo da luminaria.
- Non se poderán realizar fogueiras:
 - Na praia, dunas, espazos públicos (parques, prazas, paseos...) vías ou zonas asfaltadas.
 - Baixo tendidos eléctricos, nin telefónicos; debendo manterse a mínima distancia de 10m (medida desde a vertical do bordo da luminaria) ás instalacións aéreas (tendidos eléctricos, telefónicos, etc.).
 - No entorno de ningún local ou depósito onde se almacenen produtos inflamables, nin en xeral, preto de calquera infraestrutura ou elemento público ou privado que poida verse afectado negativamente polas consecuencias da fogueira.
- Non se iniciarán fogueiras se as condicións meteorolóxicas puidesen dificultar o seu control. Ou no caso de que estas condicións se desen unha vez iniciadas as fogueiras, deberanse suspender procedendo a apagar o lume.
- Dependendo da magnitude do lume disporase de medios de extinción suficientes (auga, terra, area, etc.)
- Disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios, especialmente equipado para queimaduras.
- Non se deberá abandonar a vixilancia da fogueira ata que o lume esté completamente apagado.
- A responsabilidade dos danos e desperfectos causados na súa propiedade, fincas colindantes e outros efectos, así como de que unha vez finalizada a festa, as cinzas queden totalmente apagadas, será exclusivamente do/da solicitante.
- O/A solicitante deberá proceder á limpeza da zona afectada unha vez rematada a actividade autorizada.
- No caso de que aínda tendo adoptado todas as medidas de prevención, se producise un incendio, chame inmediatamente aos números de teléfono 085 ou 112.